

DECRETO

EXCMO. SR. DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, ALCALDE PRESIDENTE EN FUNCIONS DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO PARA O PAGAMENTO DO CANON DE CONTROL DE VERTE DURAS CORRESPONDENTE AO ANO 2018 Á CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICO DO MIÑO-SIL

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 18-2022, por un importe total de 256.352,76 €, dentro do vixente orzamento 2022 desta Corporación, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas do pagamento do canon de control de verteduras correspondente ao ano 2018 á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e na que se sinala a conveniencia de minoración do crédito da aplicación orzamentaria 17100.60900 do vixente Orzamento Xeral segundo os informes incorporados ao expediente.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal núm: 2022/1299 do 19.08.2022, así como RCMOD núm: 202200055593 do 19.08.2022, por un importe total de 256.352,76 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

Primeiro. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 256.352,76 € euros para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
17100.60900	256.352,76 €	16000.209000	256.352,76 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	256.352,76 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	256.352,76 €

Segundo. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.